

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 26 de outubro de 2021, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo para ingresar por oposición libre nunha praza do corpo de letradas e letrados do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 178, do 2 de agosto de 2021. DOG núm. 146, do 2 de agosto de 2021)

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2021 convocouse o proceso selectivo para a provisión por oposición libre dunha praza do corpo de letradas e letrados do parlamento de Galicia e aprobáronse as bases que o rexen.

O 16 de setembro de 2021 publicouse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* a relación provisional das persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo, outorgando ás persoas aspirantes excluídas inicialmente un prazo de dez días hábiles para poderen alegar ou emendar, de ser o caso, o defecto que motiva a exclusión.

Transcorrido o prazo de alegacións ou emendas, ao abeiro do establecido na base 4.3, e á vista do informe do Servizo de Persoal e Réxime Interior,



RESOLVO:

1º. Aprobar a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, segundo figura no anexo a esta resolución.

2º. Ordenar a publicación desta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e mais na páxina web do Parlamento de Galicia.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Presidencia do Parlamento, no prazo dun mes, ou ben poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados ambos os dous desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento de Galicia

ANEXO
RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS

Nº	APELIDOS E NOME	DNI
1	CASAS NOGUEROL, ANA	***2256**
2	FERNÁNDEZ ARAÚJO, IVÁN	***6234**
3	GONZÁLEZ ALONSO, DAVID	***5631**
4	MATO MARTÍNEZ, ANDREA	***8339**
5	OITAVÉN SOENGAS, JESÚS	***7090**
6	ORODEA PIÑEIRO, AINHARA MAITE	***7553**
7	RAMÍREZ GARCÍA, DELIA	***5166**
8	ROMERO GALLARDO, ALFREDO HELIODORO	***1851**
9	SÁNCHEZ PAVÓN, BERNARDO	***9004**
10	VÁZQUEZ IGLESIAS, BIBIANA	***1126**

RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSA DE EXCLUSIÓN:

Non hai persoas aspirantes excluídas.

